

EXP. 387/2021

**CARLOS JAVIER FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, SECRETARIO-INTERVENTOR DO
CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)**

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 01.10.2021 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

“

6.2. Solicitude de subvención do Toén F.S. para gastos de funcionamento (Exp. 387/2021)

Dáse conta da instancia presentada por Carlos Aitor Gil Fernández, en nome e representación do Toén F.S., con CIF G32455297, en calidade de presidente, pola que solicita a concesión dunha axuda económica para atender os gastos de funcionamento e de actividades propias do club.

A dita entidade figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Toén en virtude do decreto da alcaldía de data 02.10.2014. A persoa física que a representa figura no rexistro co cargo de presidente.

Nas bases de execución (base 24ª, apartado 1) do orzamento do Concello de Toén do exercicio 2021 consta unha axuda con carácter nominativo para a entidade Toén F.S., con CIF G32455297, polo importe máximo de 2.000,00 € -gastos de funcionamento tempada 2020-2021-.

De acordo co disposto na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 18/11/2004, publicada no BOP nº 19, do 25/01/2005, a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos os seus membros e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 16/06/2020 (BOP nº 151, do 03/07/2020), ACORDA:

PRIMEIRO.- Concederlle ao Toén, F.S., con CIF G32455297, unha subvención baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.1 da Ordenanza reguladora de subvencións deste Concello polo importe de 2.000,00 €, cantidade recollida na base 24ª das bases de execución do orzamento municipal do exercicio 2021, con cargo á aplicación 341.48 do estado de gastos. A cantidade concedida irá destinada exclusivamente a sufragar os gastos derivados do funcionamento e actividades da entidade beneficiaria durante a tempada 2020-2021. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente doutras administracións ou entes públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos recibidos poderá superar o custo da actividade subvencionada.

SEGUNDO.- O pagamento da subvención realizarase unha vez concluída a actividade e previa a presentación da conta xustificativa do gasto realizado.

TERCEIRO.- De acordo co establecido nos artigos 75 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e 10 da Ordenanza reguladora da concesión de subvención do Concello de Toén; a entidade beneficiaria deberá presentar nas oficinas municipais antes do día 21/12/2020 a conta xustificativa que conterá a seguinte documentación:

- ✓ *Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*
- ✓ *Facturas orixinais ou compulsadas xustificativas do investimento da subvención na*

Concello de Toén





CONCELLO DE TOÉN

finalidade para a que foi concedida. Xustificarse o seu pagamento.

- ✓ *Declaración subsrita polo beneficiario ou o seu representante relativa á inexistencia doutras subvencións ou axudas que obtiveran para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que financiasen a actividade, con indicación do seu importe e procedencia.*
- ✓ *Un exemplar do programa, cartel anunciador ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento das actividades da entidade debendo constar neles o patrocinio do Concello de Toén.*
- ✓ *Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria e Consellería de Facenda) e de Seguridade Social. Presentarase unha declaración responsable na que se faga constar tal circunstancia.*

.....”

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do alcalde.

(Documento asinado electronicamente na marxe)



Cod. Validación: 4SXIMSELCZYT2L6RQ7ERXJW9GC | Corrección: <https://concello.toen.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2